



Betanzos sumáse un ano máis a campaña contra a violencia machista “en negro contra as violencias”

Con motivo da conmemoración o próximo 25 de novembro do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres e encadrado no III Plan de Igualdade, o Concello de Betanzos, conxuntamente con outros 101 concellos de Galicia, súmase por segundo ano á iniciativa "En Negro contra as violencias".

A campaña desenvolverase principalmente na semana do 19 ao 25 de novembro. Tras a boa acollida do ano pasado facemos un chamamento para repetir nesta ocasión o rexeitamento de toda a sociedade betanceira ante calquera tipo de violencia, especialmente contra a muller, e tinguir de negro o noso contorno a través dos escaparates, os manequíns, a nosa vestimenta, colgando roupa negra nos balcóns ou calquera outra iniciativa que empregue esta cor como sinal de dor por todas as vítimas de violencias contra as mulleres. Tamén convidamos a amosar o firme rexeitamento acudindo o próximo **domingo 25 de novembro**, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, á xuntanza que faremos na **Casa do Concello as 12:30**.

Os establecementos comerciais, de hostalaría, asociacións, clubs deportivos, axentes sociais ou calquera colectividade do municipio que queiran participar, poden chamar ao número de teléfono 981 770 707, enviar un correo electrónico a betanzosenegro@gmail.com cos datos do establecemento ou entidade (nome e enderezo) e da persoa de referencia (nome e teléfono) ou dirixirse ao Departamento de Servizos Sociais (Praza do emigrante s/n de 9:00 a 14:00) para informarse e recoller o material elaborado para a campaña.

Ademais, toda a veciñanza pode sumarse, a nivel individual, colocando ornamentación negra, colgando roupa negra nos balcóns, difundindo a campaña nas redes sociais, e por suposto, achegando ideas para que do 19 ao 25 de novembro consigamos un Betanzos que non tolere ningunha forma de violencia, un BETANZOS EN NEGRO.

O ano pasado 152 comercios, entidades, centros educativos y clubs deportivos de Betanzos tinguíronse de negro. Este ano queremos superar esa cifra.

A campaña completárase cunha exposición bibliográfica “A violencia machista na literatura” que se desenvolverá durante todo o mes na Biblioteca Municipal Castela.